

ANEXO

Denominación das substancias, dos grupos de substancias ou dos preparados	Limitacións
N. 43 colorantes azoicos.	<p>1. As tinturas azoicas que, mediante fragmentación redutora dun ou máis grupos azoicos, poden liberar unha ou máis das aminas aromáticas enumeradas na lista de aminas aromáticas que figura a continuación en concentracións detectables, ou sexan superiores a 30 ppm, nos artigos acabados ou nas partes tinxidas deles, segundo os métodos de ensaio da lista que figura a continuación, non se poderán utilizar en artigos téxtiles nin en artigos de coiro que poidan entrar en contacto directo e prolongado coa pel humana ou a cavidade bucal, tales como:</p> <p>Pezas de roupa de vestir, roupa de cama, toallas, postizos, perrucas, sombreiros, cueiros e outros artigos sanitarios, sacos de durmir.</p> <p>Calzado, luvas, correas de reloxo, bolsos, moedeiros/billeteiros, maletíns, fundas para cadeiras, moedeiros para levar colgados ao pescozo.</p> <p>Xoguetes de tecido ou de coiro e xoguetes que conteñan accesorios de tecido ou de coiro.</p> <p>Fiados e tecidos destinados a ser usados polo consumidor final.</p>

Lista de métodos de ensaio

Organismo Europeo de Normalización	Referencia e título da norma	Documento de referencia	Referencia da norma substituída
CEN	Coiro —Ensaio químicos—. Determinación de certos colorantes azoicos en coiros tinguidos.	CEN ISO/TS 17234:2003	Ningunha.
CEN	Téxtiles —Métodos para a determinación de certas aminas aromáticas derivadas de colorantes azoicos—. Parte 1: Detección do uso de certos colorantes azoicos accesibles sen extracción.	EN 14362-1:2003	Ningunha.
CEN	Téxtiles —Métodos para a determinación de certas aminas aromáticas derivadas de colorantes azoicos—. Parte 2: Detección do uso de certos colorantes azoicos accesibles por extracción de fibras.	EN 14362-2:2003	Ningunha.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

17097 *CORRECCIÓN de erros da Orde SCO/2929/2004, do 2 de setembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios. («BOE» 240, do 5-10-2004.)*

Advertidos erros na Orde SCO/2929/2004, do 2 de setembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 11 en lingua galega, do 1 de outubro de 2004, procédese a efectuar as seguintes rectificacións:

Na páxina 1804 (edulcorante E 962 Sal de Aspartamo-acesulfamo), na alínea C), penúltima liña, onde di: «Ácido 5-Benzil-3,6-dioxo-2-piperazineacético Chumbo: Non máis de 1 mg/kg», debe dicir: «Ácido: Benzil-3,6 dioxo-2-piperazineacético: non máis do 0,5% Chumbo: non máis de 1 mg/kg».

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

17306 *ORDE EHA/3212/2004, do 30 de setembro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes aos modelos 308, 309, 341, 370, 371, 430 e 480. («BOE» 243, do 8-10-2004.)*

A Axencia Tributaria veu prestando nos últimos anos unha especial atención ás posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para lles facilitar aos cidadáns o cumprimento voluntario das súas obrigas tributarias. Neste sentido, os logros que se alcanzaron foron notables, especialmente desde a promulgación do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado («Boletín Oficial del Estado» do 29), ditado en desenvolvemento do disposto no artigo 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común («Boletín Oficial del Estado» do 27).

Nesta mesma liña, o artigo 96 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria («Boletín Oficial del Estado»

do 18), compromete, con carácter xeral, a Administración tributaria para que promova a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, apuntando que cando sexa compatible cos medios técnicos de que dispoña, os cidadáns poderanse relacionar con ela para exercer os seus dereitos e cumpriren coas súas obrigas a través desas técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos coas garantías e requisitos previstos en cada procedemento.

Desde 1999, ano en que comezou a presentación de declaracións tributarias a través da rede, foise incrementando paulatinamente o número de declaracións e declaracións-liquidacións susceptibles de presentación por esa vía, na medida en que o permitiron os recursos técnicos e humanos da Axencia Tributaria. Paralelamente, foise desenvolvendo esta forma de interrelación cos contribuíntes para todo tipo de xestións, como poden ser solicitudes de certificados, de información, de adiamentos, presentación de recursos e outras.

Con esta orde cumprese practicamente co obxectivo de que todas as declaracións e declaracións-liquidacións susceptibles de presentación telemática pola internet poidan utilizar esta vía para efectuar a súa presentación. En concreto, establécese o procedemento de presentación telemática pola internet das declaracións do imposto sobre o valor engadido correspondentes aos modelos de declaración: 308, «Solicitud de devolución. Réxime especial recarga de equivalencia e suxeitos pasivos ocasionais»; 309, «Declaración-liquidación non periódica»; 341, «Solicitud de reintegro de compensacións no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca»; 370, «Réxime xeral e simplificado. Declaración trimestral ordinaria», e 371, «Réxime xeral e simplificado. Declaración trimestral final». Tamén se regula o sistema de presentación telemática das declaracións do imposto sobre as primas de seguros correspondentes aos modelos de declaración: 430, «Declaración-liquidación mensual», e 480, «Declaración resumo anual».

As habilitacións ao ministro de Economía e Facenda precisas para a tramitación desta orde establécense no artigo 167 da Lei 37/1992, do 28 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 29), do imposto sobre o valor engadido, que dispón que os suxeitos pasivos do imposto deberán determinar e ingresar a débeda tributaria no lugar, forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Facenda, e no número trece.1 e 2 do artigo 12 da Lei 13/1996, do 30 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 31), de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na redacción dada polo artigo 8 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social («Boletín Oficial del Estado» do 31), que autoriza o ministro de Economía e Facenda para aprobar os modelos de declaración mensual do imposto sobre as primas de seguros e establecer o lugar, forma e prazos para a súa presentación, así como determinar os prazos, requisitos e condicións para a presentación da declaración resumo anual do imposto.

Por outra parte, débese facer mención á disposición derradeira quinta da citada Lei 66/1997, que autoriza o ministro de Economía e Facenda para que determine, mediante orde, os supostos e condicións en que as grandes empresas deberán presentar por medios telemáticos as súas declaracións, declaracións-liquidacións, autoliquidacións ou calquera outro documento exixido pola normativa tributaria. Así mesmo, a disposición derradeira primeira da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social («Boletín Oficial del Estado» do 31), autoriza o ministro de Economía e Facenda para que determine, mediante orde, os supostos e condicións en que as pequenas e medianas empresas poderán presentar por medios telemáticos as súas decla-

racións, declaracións-liquidacións, autoliquidacións ou calquera outro documento exixido pola normativa tributaria, entendendo por pequenas e medianas empresas as non comprendidas na definición de grandes empresas para os efectos do imposto sobre o valor engadido.

Pola súa parte, a disposición derradeira segunda da mencionada Lei 50/1998 autoriza o ministro de Economía e Facenda para que determine, mediante orde, os supostos e condicións en que os contribuíntes e as entidades incluídas na colaboración social na xestión tributaria a que se refire o artigo 92 da Lei xeral tributaria poderán presentar por medios telemáticos declaracións, declaracións-liquidacións, autoliquidacións ou calquera outro documento exixido pola normativa tributaria.

Neste sentido, o número 8 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, na redacción dada polo artigo primeiro.11 do Real decreto 3422/2000, do 15 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 16), dispón que a Administración tributaria poderá facer efectiva a colaboración social na presentación de declaracións-liquidacións a través de acordos coas comunidades autónomas e outras administracións públicas, con entidades, institucións e organismos representativos de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais. Así, indícase que, mediante orde do ministro de Facenda, se establecerán os supostos e condicións en que as entidades que subscriben os citados acordos poderán presentar por medios telemáticos declaracións-liquidacións, declaracións-resumo anual ou calquera outro documento exixido pola normativa tributaria, en representación de terceiras persoas.

Pola súa parte, a aprobación do Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 21), que desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, así como a aprobación da Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio («Boletín Oficial del Estado» do 3 de xuño), que establece os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e esténdese esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios, fai posible a presentación en nome de terceiros das declaracións do imposto sobre as primas de seguro correspondentes aos modelos 430 e 480.

Así mesmo, nas disposicións adicionais primeira e segunda da presente orde modifícase o procedemento de presentación do modelo 430 e suprímese a obriga de presentar o exemplar para o sobre anual do dito modelo coa declaración-resumo anual do modelo 480.

Finalmente, co fin de homoxeneizar o sistema de presentación telemática de declaracións, na disposición adicional cuarta desta orde amplíase, con carácter xeral, o prazo de transmisión telemática de declaracións con resultado a ingresar cando existan razóns fundadas de carácter técnico que impidan a súa presentación na mesma data do ingreso.

As habilitacións ao ministro de Facenda débense entender conferidas ao ministro de Economía e Facenda, en virtude do disposto no artigo 5 do Real decreto 553/2004, do 17 de abril («Boletín Oficial del Estado» do 18), que reestrutura os departamentos ministeriais.

En consecuencia, e facendo uso das autorizacións que teño conferidas, dispoño:

Primeiro. *Ámbito de aplicación.*

Un. As declaracións que se citan a seguir poderanse presentar a través da internet:

Modelo 308. Imposto sobre o valor engadido. Solicitud de devolución. Réxime especial recarga de equivalencia e suxeitos pasivos ocasionais.

Modelo 309. Imposto sobre o valor engadido. Declaración-liquidación non periódica.

Modelo 341. Imposto sobre o valor engadido. Solicitude de reintegro de compensacións no réxime especial da agricultura, gandaría e pesca.

Modelo 370. Imposto sobre o valor engadido. Réxime xeral e simplificado. Declaración trimestral ordinaria.

Modelo 371. Imposto sobre o valor engadido. Réxime xeral e simplificado. Declaración trimestral final.

Modelo 430. Imposto sobre as primas de seguros. Declaración-liquidación mensual.

Modelo 480. Imposto sobre as primas de seguros. Declaración resumo anual.

Non obstante o anterior, non se poderá efectuar a presentación por vía telemática da declaración correspondente ao modelo 309 nos supostos de adquisicións intracomunitarias de medios de transporte novos.

Dous. As persoas ou entidades autorizadas para presentar por vía telemática declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, que desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, que establece os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e esténdese esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios, poderán facer uso da dita facultade respecto das declaracións previstas no número anterior, na forma e condicións establecidas en tales disposicións.

Tres. Non se poderá efectuar a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes aos modelos 308, 309, 341, 370, 371, 430 e 480 cando transcorrese máis dun ano desde o inicio dos respectivos prazos de presentación das declaracións a que se refire o número quinto desta orde. Transcorrido o período indicado, os obrigados tributarios que pretendan regularizar a súa situación tributaria en relación con esta obriga deberán efectuar a presentación da declaración mediante o impreso correspondente.

Segundo. *Condicións xerais para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes aos modelos 308, 309, 341, 370, 371, 430 e 480.*

Un. Requisitos para a presentación das declaracións. A presentación telemática das declaracións estará suxeita ás seguintes condicións:

1.º) O declarante deberá dispor de número de identificación fiscal (NIF).

2.º) O declarante deberá ter instalado no navegador un certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co previsto na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio («Boletín Oficial del Estado» do 15), que establece normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se a presentación telemática vai ser realizada por unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, será esta persoa ou entidade autorizada quen deberá ter instalado no navegador o seu certificado.

3.º) Para efectuar a presentación telemática das declaracións, o declarante deberá consignar e transmitir os datos fiscais do formulario que, para cada caso, estará dispoñible na páxina web da Axencia Tributaria, axusta-

dos ao contido dos modelos de declaración aprobados polas ordes seguintes:

Modelo 308: Aprobado pola Orde do 30 de xaneiro de 2001.

Modelo 309: Aprobado pola Orde HAC/3625/2003, do 23 de decembro.

Modelo 341: Aprobado pola Orde do 15 de decembro de 2000.

Modelo 370: Aprobado pola Orde do 30 de xaneiro de 2001.

Modelo 371: Aprobado pola Orde do 27 de xullo de 2001.

Modelo 430: Aprobado pola Orde do 24 de novembro de 2000.

Modelo 480: Aprobado pola Orde do 27 de xullo de 2001.

Dous. Simultaneidade do ingreso e da presentación telemática pola internet de declaracións. A transmisión telemática da correspondente declaración deberase realizar na mesma data en que teña lugar o ingreso resultante dela.

Non obstante o anterior, se existen dificultades técnicas que impidan efectuar a transmisión telemática da declaración na mesma data do ingreso, poderase realizar até o segundo día hábil seguinte ao do ingreso.

Tres. Presentación de declaracións con deficiencias de tipo formal. Naqueles supostos en que se detecten anomalías de tipo formal na transmisión telemática de declaracións, o propio sistema llo comunicará ao declarante, mediante as correspondentes mensaxes de erro, para que proceda á súa emenda.

Terceiro. *Procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes aos modelos 308, 309, 341, 370, 371 e 430.*

Un. Se se trata de declaracións a ingresar (Modelos 309, 370, 371 e 430), o procedemento a seguir para a súa presentación telemática será o seguinte:

a) O declarante porase en comunicación coa entidade colaboradora por vía telemática ou acudindo ás súas oficinas, para efectuar o ingreso correspondente e facilitar os seguintes datos:

NIF do suxeito pasivo (9 caracteres).

Exercicio fiscal (2 últimos díxitos).

Período: 2 caracteres. Para presentacións trimestrais (modelos 309, 370 e 371) os valores posibles son: 1T, 2T, 3T e 4T; para presentacións mensuais (modelo 430) os valores son numéricos: 01, 02, 03, 04, 05, 06, 07, 08, 09, 10, 11, 12; para presentacións non periódicas (modelo 309): 0A.

Declaración a presentar:

Modelo 309.

Modelo 370.

Modelo 371.

Modelo 430.

Tipo de autoliquidación = I Ingreso.

Importe a ingresar (deberá ser maior que cero).

A entidade colaboradora, unha vez contabilizado o importe, asignará un número de referencia completo (NRC) que xerará informaticamente mediante un sistema criptográfico que relacione de forma unívoca o NRC co importe a ingresar.

Ao mesmo tempo, remitirá ou entregará, segundo a forma de transmisión dos datos, un recibo que conterá, como mínimo, os datos sinalados no anexo I desta orde.

b) O declarante, unha vez realizada a operación anterior, porase en comunicación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet ou de calquera outra vía equivalente que permita a conexión no enderezo: <https://aeat.es>. Unha vez seleccionado o con-

cepto fiscal e o modelo de declaración que se vaia transmitir, introducirá o NRC subministrado pola entidade colaboradora.

c) A continuación procederá a transmitir a declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado no navegador para tal efecto.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

d) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla a declaración validada cun código electrónico de dezaseis caracteres, ademais da data e a hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a emendalos no formulario de entrada, ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código electrónico.

Dous. Se se trata de declaracións con solicitude de devolución (modelos 308, 341, 371); a compensar (modelos 370, 371), ou sen actividade (modelos 370, 371), procederase como segue:

a) O declarante porase en comunicación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet ou de calquera outra vía equivalente que permita a conexión no enderezo: <https://aeat.es>. Seleccionará o concepto fiscal e o modelo de declaración que se vaia transmitir.

b) A seguir procederá a transmitir a declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado de usuario previamente instalado no navegador para tal efecto.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

c) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla a declaración validada cun código electrónico de dezaseis caracteres, ademais da data e a hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a emendalos no formulario de entrada, ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código electrónico.

Cuarto. *Procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 480.*

O procedemento para a presentación telemática destas declaracións será o seguinte:

1. O declarante porase en comunicación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet ou de calquera outra vía equivalente que permita a conexión no enderezo: <https://aeat.es>. Seleccionará o modelo de declaración e procederá a transmitir a declaración coa sinatura electrónica xerada ao seleccionar o certificado de usuario previamente instalado no navegador para tal efecto.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

2. Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos recollidos no anexo II validados cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a emendalos no formulario de entrada ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

3. O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada, así como os datos recollidos no anexo II debidamente validado co correspondente código electrónico.

Quinto. *Prazos para a presentación telemática das declaracións correspondentes aos modelos 308, 309, 341, 370, 371, 430 e 480.*

Un. Modelo 308.—A presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 308 efectuarase nos vinte primeiros días naturais dos meses de abril, xullo e outubro de cada ano, respecto do trimestre natural inmediato anterior. A correspondente ao cuarto trimestre presentarase durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro do ano natural posterior.

Non obstante o anterior, a presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 308 efectuada por suxeitos pasivos ocasionais que realicen entregas exentas de medios de transporte novos realizarase no prazo de trinta días naturais contados desde o día en que se produciu a entrega.

Dous. Modelo 309.—A presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 309 e o ingreso correspondente efectuaranse nos vinte primeiros días naturais dos meses de abril, xullo e outubro de cada ano, respecto do trimestre natural inmediato anterior. A correspondente ao cuarto trimestre presentarase durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro do ano natural posterior.

Nos supostos de entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas no marco dos procedementos administrativos e xudiciais de execución forzosa a presentación telemática da declaración efectuarase no prazo dun mes contado desde o pagamento do importe da adxudicación.

O disposto nos dous parágrafos anteriores débese entender sen prexuízo do establecido no número dous do punto segundo desta orde.

Tres. Modelo 341.—A presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 341 efectuarase nos vinte primeiros días naturais dos meses de abril, xullo e outubro de cada ano, respecto do trimestre natural anterior. A correspondente ao cuarto trimestre presentarase durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro do ano natural posterior.

Catro. Modelo 370.—A presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 370 e, se é o caso, o ingreso correspondente efectuaranse nos vinte días naturais dos meses de abril, xullo e outubro de cada ano, respecto do trimestre natural anterior, sen prexuízo do disposto no número dous do punto segundo desta orde.

Cinco. Modelo 371.—A presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 371 e, se é o caso, o ingreso correspondente realizaranse durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro do ano natural posterior, sen prexuízo do disposto no número dous do punto segundo desta orde.

Seis. Modelo 430.—A presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 430 e o ingreso correspondente efectuaranse nos vinte primeiros días naturais do mes seguinte á finalización do correspondente período de liquidación mensual, excepto a correspondente ao período de liquidación do mes de xullo, que

se presentará durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro inmediatamente posteriores, sen prexuízo do disposto no número dous do punto segundo desta orde.

Sete. Modelo 480.—A presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 480 efectuarase durante os vinte primeiros días naturais do mes de xaneiro de cada ano, en relación coas operacións que correspondan ao ano inmediato anterior.

Non obstante o anterior, naqueles supostos en que por razóns de carácter técnico non for posible efectuar a presentación pola internet no prazo a que se refire o parágrafo anterior, a presentación poderase efectuar durante os tres días naturais seguintes ao de finalización do mencionado prazo.

Oito. Os vencementos de prazo que coincidan cun sábado ou día inhábil entenderanse trasladados ao primeiro día hábil seguinte.

Disposición adicional primeira. *Modificación da Orde do 24 de novembro de 2000 pola que se aproba o modelo 430 de declaración-liquidación do imposto sobre as primas de seguros.*

Modifícase o punto primeiro da Orde do 24 de novembro de 2000 («Boletín Oficial del Estado» do 28), pola que se aproba o modelo 430 de declaración-liquidación do imposto sobre as primas de seguros, que queda redactado nos seguintes termos:

«Primeiro. Aprobación do modelo.—Apróbase o modelo 430 “Declaración-liquidación mensual do imposto sobre as primas de seguros” que figura no anexo da presente orde e que consta de dous exemplares: exemplar para o suxeito pasivo e exemplar para a entidade colaboradora.

O número de xustificante que deberá figurar no modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 433.»

Disposición adicional segunda. *Modificación da Orde do 27 de xullo de 2001.*

Suprímese o número dous do punto décimo, «Aprobación do modelo 480», da Orde do 27 de xullo de 2001, pola que se aproban os modelos 043, 044, 045, 181, 182, 190, 311, 371, 345, 480, 650, 652 e 651 en euros, así como o modelo 777 documento de ingreso ou devolución no caso de declaracións-liquidacións extemporáneas e complementarias, e que establece a obriga de utilizar necesariamente os modelos en euros a partir do 1 de xaneiro de 2002 («Boletín Oficial del Estado» do 3 de agosto), pasando o actual número tres do citado punto a ser o número dous.

Disposición adicional terceira. *Lugar de presentación do modelo 480.*

Os suxeitos pasivos que opten pola presentación telemática da última declaración-liquidación mensual correspondente ao modelo 430 presentarán a declaración-resumo anual correspondente ao modelo 480 por correo certificado dirixido á delegación ou administración da Axencia Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal, á Unidade Central de Xestión de Grandes Empresas da Oficina Nacional de Inspección ou á Unidade de Xestión de Grandes Empresas da Delegación Especial da Axencia Tributaria, segundo proceda, en función da adscrición do suxeito pasivo a unha ou outra unidade, ou ben mediante entrega persoal nas citadas delegacións, administracións ou unidades, salvo que a presentación da declaración-resumo anual se efectúe por vía telemática.

Disposición adicional cuarta. *Simultaneidade entre o ingreso e a correspondente presentación telemática da declaración.*

A transmisión telemática de declaracións relativas ao imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades, imposto sobre o valor engadido e imposto sobre a renda de non-residentes, con resultado a ingresar, deberase realizar na mesma data en que teña lugar o ingreso resultante delas.

Non obstante o anterior, cando existan dificultades técnicas que impidan efectuar a transmisión telemática da declaración na mesma data do ingreso, poderase realizar a transmisión telemática até o segundo día hábil seguinte ao do ingreso.

Disposición derradeira única.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

A presentación telemática das declaracións relacionadas no número un do punto primeiro poderase efectuar a partir do primeiro período de presentación que se inicie, para cada declaración, con posterioridade ao 1 de febreiro de 2005, inclusive.

Non obstante o anterior, a presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 308 efectuada por suxeitos pasivos ocasionais que realicen entregas exentas de medios de transporte novos, así como a presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 309 nos supostos de entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas no marco dos procedementos administrativos e xudiciais de execución forzosa, poderanse efectuar a partir do día 1 de febreiro de 2005, sempre que se refiran a entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas tamén a partir do 1 de febreiro de 2005.

O que lles comunico a VV. II. para o seu coñecemento e efectos.

Madrid, 30 de setembro de 2004.

SOLBES MIRA

Ilmo. Sr. Director Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria e Ilmo. Sr. Director Xeral de Tributos.

ANEXO I

Datos mínimos para incluír no recibo

Data da operación:

Código de entidade e sucursal: XXXXXXXX.

Concepto:

- 309. Exercicio: NNNN. Período: NT.
- 309. Exercicio: NNNN. Período: 0A.
- 370. Exercicio: NNNN. Período: NT.
- 371. Exercicio: NNNN. Período: NT.
- 430. Exercicio: NNNN. Período: NN.

Identificación da conta (C.C.C.): (Cando o ingreso sexa en efectivo, non se deberá cubrir este campo.)

Identificación do suxeito pasivo:

NIF: XXXXXXXXXXXX.

Apelidos e nome ou razón social:

Importe:

N.R.C. asignado ao ingreso:

N.R.C. que substitúe: (este campo soamente se cubrirá no caso de anulación de N.R.C. anterior e a substitución por un novo.)

Lenda: «Este recibo produce os efectos liberatorios para o Tesouro público sinalados no Regulamento xeral de recadación».

Nota: «O ingreso da débeda non exime da obriga de presentar a declaración».

ANEXO II

Modelo:

480. Imposto sobre as primas de seguros. Declaración resumo-anual. Exercicio: NNNN.

Número de xustificante:

Identificación do suxeito pasivo:

NIF: XNNNNNNNX.

Apelidos e nome ou razón social:

Código da Administración:

Importe do cadro 82:

(Resultado liquidación anual.)

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

17616 *ORDE ECI/3296/2004, do 4 de outubro, que establece o curso de nivelación de coñecementos previstos no Real decreto 168/2004, do 30 de xaneiro, que regula as condicións para a declaración da equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de diplomado en educación social establecido polo Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto. («BOE» 248, do 14-10-2004.)*

O Real decreto 168/2004, do 30 de xaneiro, que regula as condicións para a declaración da equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de diplomado en educación social, previu unha serie de requisitos para que as persoas que obtivesen os títulos non universitarios que se sinalan no anexo do mencionado real decreto poidan obter a equivalencia entre as titulacións e o título universitario oficial de diplomado en educación social.

Un destes requisitos para obter tal equivalencia consiste na superación, no prazo de tres anos, dun curso de nivelación de coñecementos que organizarán aquelas universidades que impartan a titulación oficial e que debe ser establecido por este ministerio.

Esta orde ten, por tanto, a vontade de impulsar a posta en marcha destes cursos de nivelación de coñecementos no seo das universidades e foi obxecto de análise por parte dos sectores profesionais e universitarios interesados directamente nesta materia.

Os cursos de nivelación deben ser organizados polas universidades co fin de que se poidan impartir a partir do ano académico próximo, xa que o prazo de tres anos anteriormente sinalado comezou xa, para os titulados en cuestión, o día 14 de febreiro pasado.

O perfil do grupo de persoas a que se dirixe esta norma está configurado por profesionais de entre 30 e 60 anos, que cursaron no seu momento un curso de formación específica de tres anos e que se encontran nestes momentos con anos de experiencia no ámbito da educación social e en activo na profesión.

O curso que se establece pretende actualizar os contidos básicos da titulación oficial universitaria, ben que, tendo presente que os titulados forman un grupo heteroxéneo canto ás especialidades, tanto da súa formación inicial como da súa experiencia laboral.

O deseño deste curso, respectando a extensión de 60 créditos prevista no Real decreto 168/2004, céntrase nas necesidades dos futuros alumnos que se encontran cunha capacidade limitada naquilo que se refire a tempo dispoñible para o estudo e presencialidade nas aulas, xa que nos encontramos ante profesionais en activo.

Trátase, ademais, de que a través deste curso de nivelación os educadores sociais en activo, formados con anterioridade ao establecemento da diplomatura en educación social, poidan conseguir o máximo aproveitamento da súa experiencia e incorporando os contidos innovadores que a universidade lles poida proporcionar.

Na súa virtude, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, dispoño:

Primeiro.—Os que estean en posesión dun título non universitario en materia de educación social, dos que se sinalan no anexo do Real decreto 168/2004, do 30 de xaneiro, e desexen obter a equivalencia, para efectos académicos e profesionais, entre o seu título ou diploma e o título de diplomado en educación social deberán superar o curso de nivelación de coñecementos establecido no punto segundo.

Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 2 do mencionado real decreto, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estaren en posesión dos requisitos previos para acceder á universidade.

b) Estaren en posesión dun título de formación en educación social dos sinalados no anexo da indicada norma, de tres anos completos de duración, nalgúns dos centros que se citan no dito anexo.

c) Teren iniciado os estudos en materia de educación social con anterioridade ao curso académico 1992-1993.

Segundo.—Estabécese, cunha extensión de 60 créditos, o curso de nivelación de coñecementos previsto no Real decreto 168/2004, do 30 de xaneiro.

Trátase dunha acción formativa para impartir ao longo dun curso académico que terá unidade canto a contidos e organización. A avaliación consistirá nunha proba de conxunto que recollerá os contidos das materias teóricas e de actualización práctica, máis a presentación dunha memoria en que se atenderá á análise reflexiva da práctica profesional, apoiándose nos supostos teóricos da diplomatura en educación social.

O curso consistirá no seguinte plan de estudos:

Materias	Créditos
Bloque teórico xeral:	
Socioloxía e antropoloxía social	4
Didáctica xeral	4
Teorías de institucións contemporáneas da educación.....	4
Educación permanente	6
Psicoloxía do desenvolvemento	4
Psicoloxía social das organizacións.....	6
Bloque de actualización práctica:	
Novas tecnoloxías aplicadas á educación social	6
Programas de animación sociocultural.....	6